Boas tardes a todos; grata Vela súa presenza.

Canda o autor desta novela convidoume para compartir a súa presentación na Coruña levei unha sorpresa, porque non son nin crítico nin creador literario; tan só un lector común. Pero, eso sí, son amigo de Marcelino e se cadra isto o explica todo: Marcelino Fernández Mallo, un escritor que contrapesa admirablemente a sequidade da economía (que é a súa profesión) cun discurso literario creativo fondamente humano e de xorne social, obrigado moralmente co seu país e coa súa lingua.

Púdemolo comprobar coas súas anteriores obras (Cabilia, Klásicos, A Trenza), que dan testemuño claro deste compromiso, que él realimenta nas esencias para contribuir á tan necesaria recuperación moral e económica do país: a literatura non só como pracenteira ocupación e disfrute intelectual, senón tamén como nexo de vontades a prol de causas xustas, nomeadamente contribuir á dignificación do propio, do que nos define.

Nesta idea coincidimos os dous escribindo en lingua galega en diversos medios de comunicación, medios hoxe infaustamente desaparecidos, aínda que eu diría máis ben "eliminados", polo incomprensible desleixo de algúns coas nosas cousas e a nosa lingua. Grazas, Marcelino, por este reencontro.

* * * * *

A novela que hoxe presentamos chámase "Pallarega", un nome abondo breve para unha historia tan comprida como a que nos espera cando tonsuramos o libro. Hoxe os libros non chegan a nós

Intonsos, senón desvelados pola guillotina do prelo, o que é mágoa, xa que iso nos priva do descubrimento demorado do seu contido. Porque este libro merece ese descubrimento delongado e persoal.

Como no son crítico literario, o que se me ocorre é contárlles o que eu vín nesta novela; sei que nun libro hai, como dicía Borges, moitos libros. Eu falo do que lin e do que sentín ó leren estas páxinas.

O título da novela (Pallarega) ven para min ateigado de moitas suxestións. Non sei se o autor dalle ou non un sentido simbólico. Eu coido que si, porque a obra (tan apegada á terra con minúscula, pero tamén á Terra con maiúscula, Galicia, como quería D. Vicente Risco) está chea de metáforas e imaxes simbólicas.

O primeiro que se me ven á cabeza é que todos os capítulos da novela ben poderían comezar coa palabra Galicia. Porque se un extraterrestre pousase por aquí a súa nave e lera este texto, comprendería mellor que consultando páxinas e páxinas de enciclopedias e diccionarios.... O que foi e o que é Galicia hoxe en día.

Pallarega é unha visión novelada da historia do noso país ó longo do século pasado, pero cunha grande virtualidade de proxección futura. Polas súas páxinas circulan as aventuras e desventuras das súas xentes humildes, mais tamén das súas clases dominantes.... Unha visión que, na miña opinión, vai ser imprescindible para a cabal comprensión deste

noso tempo sociolóxico. Esta é, a parte das achegas estritamente literarias, que son moitas, a grande aportación de Pallarega. I-explícome.

* * * * *

Pallarega, como todos vostedes saberán, é unha choupana onde se garda a herba seca, tan vital para a economía do noso rural; i-é tamén (en segunda acepción) un campo de trigo ou centeo logo de feita a seitura, un campo que se prepara para un novo cultivo e unha nova colleita. Nas dúas acepcións, o título resulta significativo:

Na primeira, o título é moi acaído, porque a novela é un tesouro de elementos identitarios de Galicia, que van guiando e identificando todo o relato. Sob o tellado desta Pallarega, gárdanse moreas de personaxes, de actitudes ante a vida, de expresións, de retranca, de circunloquios anímicos tan galegos como os meandros do Mandeo. Non é unha colectánea nin de opinións nin de tópicos, máis unha vivencia sentida, das capacidades e tamén limitacións duns protagonistas galegos enfrontados a escenarios difíciles; e da súa forma de lles pór cara dende un carácter e unha actitude, tan baril como a situación permitía e tan intelixente como requiría. E o autor da novela (ó describir o comportamento destes protagonistas), semella ser un máis deles; tal é a expresividade,

verosimilitude e naturalidade do relato, feito en primeira persoa, coa calidez e confidencialidade que isto proporciona.

Pero, sobre todo, baixo o tellado da Pallarega cobéxase a língua, esa lingua galega que da non forma senón esencia á novela; unha lingua que é aquí tan da xente, tan rica, tan expresiva, tan telúrica ás veces que parecera saída de boca de druidas:

. . . . .

Cómo eu disfrutei con EXPRESIÓNS como "ter cara cadrada e alma de Xan", "estar á zonza" (coidado, anda á zonza, espia o que se fala!), e tantas outras que se están a perder no uso cotián da nosa lingua.

E as METÁFORAS:

-"Un saúdo a medio camiño entre unha aperta e unha toma de medidas para faceren un traxe",

-"Sombrizo como unha folla seca caída dunha abeleira".

Ou IMAXES GALEGAS TAN PROUSTANAS como, por exemplo:

-"Aquel olor a madeira cortada de piñeiro metíachese polo nariz e mesmo semellaba chegar aos propios miolos".

E as FORMAS EXPRESIVAS:

-"Informoume de ela estar coa señora",

-"Tiña algunha esperanza de a Lola aparecer"

Hai moito amor á lingua nestas páxinas, e moito coidado, moito.

Porén, disto non vou falar máis, estando aquí Mercedes, que é quen sabe destas cousas. Pero morrería se non dixera cando menos isto, porque eu disfrutei coma un tolo lendo páxinas tan deliciosamente enxebres.

* * * * *

Se me permite, quero centrar agora a atención sobre algún dos que chamei "elementos identitarios" de Galicia que (na miña opinión e a parte da lingua), traspasan horizontalmente o texto da Pallarega.

Ben, esto dos "elementos identitarios" se cadra é moito esaxerar; falemos de costumes, modos de ser, Trazos definitorios da alma colectiva, e con isto é abondo.

A) Na novela está, por exemplo, algo que nos ven identificando ós galegos dende hai moito tempo. Se cadra é un mito, pero os mitos non són nunca inocentes. Refírome a esa tentación tan nosa a emigrar.

Esta é unha tentación que latexa incontinente nesta novela. Pero eu diría que cunha matización moi propia. Os galegos, como o protagonista Nicolás, certamente emigran; pero, eso sí, levan sempre no peto o símbolo dunha unión coa Terra que non se pode rachar: un pacto de sangue cos amigos e co país, ó que

hai que regresar; un pacto que na novela ben pode ter por "traditio" a bola de cristal que o protagonista, Nicolás, recibe do amigo Penacoba; unha bola de cristal que non era unha bola calquera, senón unha bola do Micanotillo, onde o protagonista mercaba o aceite e os mistos e máis outras cousas de todos os días, aló nas Pallaregas: a bola de cristal que reflectía a fidelidade ás raices e o inevitable regreso a elas.

O relato reproduce marabillosamente a incríble aventura de tantos e tantos galegos que emigraron. E Nicolás Traseira, o protagonista, representa moi ben, cando menos dunha parte da emigración galega. Nicolás non emigra por unha necesidade que o preme en exceso. Na Pallarega vívese discreta pero aceptablemente. Hai algo máis co económico na súa decisión. E o mesmo ocorre na súa volta á Terra: regresa por saudade, porque non se acha, porque fóra de Galicia nunca deixou de estar en tránsito. Certo é que de Madrid marcha por unha circunstancia non querida; i-é certo tamén que, na súa estadía na Habana, as ameazas que recibe (por se meter en andanzas perigosas) apresuran a súa decisión de volver. Pero eu estou quero pensar que, no fondo, o regreso ven ditado en boa medida polo mesmo fado que o levou a Cuba: eu marchei -dí Nicolás daquela- "porque estaba escrito"; e, noutra ocasión: marchamos a Cuba "porque era o que se esperaba de nós"; e ben podería dicir agora: eu voltei porque, como galego, tiña que volver ¡ por un sentimento indefinible de pertenza e lealdade.

A novela interpreta admirablemente [redacted] concepto de galeguidade, polémico e difuso, que sen embargo penetra como un coitelo na consustancialidade identitaria, da que Nicolás non se puido sustraer.

B) Nicolás é un galego típico de mediados do século XX, dotado dunha gran intelixencia natural e capacidade de adaptación ós máis distintos ambientes. Alegre e emprendedor, quere entender o mundo dende a súa propia concepción. Malia a ditadura de Franco, quere pensar por si mesmo. Atrévese a formular, se cadra sen sabelo, unha especie cosmogonía: interpretar as cousas dende a súa Galicia, dende a Pallarega, que é para él un mundo enteiro e coherente.

-A súa vida en Madrid expresa moi ben esta actitude. Non comprende a guerra civil na súa dimensión real. Non se trataría de esquerdas contra dereitas, pensa en principio, senón unha guerra de Madrid contra a Pallarega, contra Galicia. Está máis perto dos escapados, dos que fuxiron ao monte trala guerra, que lle son son coñecidos, e trata de axudalos fronte ós que os perseguen. Pero o nexo non é político ou ideolóxico; é moito máis primario, son os seus amigos. Mesmo fala co outro bando, co Xeral do que era asistente (galego tamén, e carlista), arriscándose para axudar ó seu amigo Reimundo, implicado nun asunto de fuxidos; non consegue nada, pero o intenta, procura non perder o seu mundo. No fondo do seu ánimo sabe que ha volver con eles a Fontán e Morgade, algún día.

c) -Nicolás nunca renuncia á lingua galega, sigue a falala nos ambientes nos que se sinte seguro. Protéxese con ela canda sentirse ameazado, pero tamén a utiliza como afirmación se está en condicións

de facelo. E controla intelixentemente a dupla personalidade que o bilingüismo aporta e, sobre todo, a súa expresión cara a fóra canda o entorno é hostil.

D) -Doutra parte, Nicolás compórtase en Madrid e na Habana con asombrosa naturalidade. Vaille ben na conquista; é mozo atractivo e ten éxito. Son incontables os amores e amoríos de Nicolás que se descreben na novela. E íl vai ó amor sen andrómenas, o que lle trae problemas coas mulleres, que o queren e o rexeitan.

Para mín, a culminación deste naturalismo prodúcese cando Nicolás se deita con Lola, a criada do xeneral carlista, baixo un teito de xamóns. Era o seu dormitorio, que o xeneral aproveitaba para guindar os xamóns que lle regalaban. Debaixo estaba a cama onde durmía Nicolás. Aí practicaba a cotío con Lola un amor primitivo e sen esperas...: aquelo era a imaxe fiel da fartura do corpo e do desexo, baixo os xamóns pendurados dun gancho: a fartura, a eterna ambición dos povos que pasaron fame non hai tanto tempo.

Esta naturalidade é a que o leva a non buscar namoramentos de vocación eterna. Só hai un grao de platonismo no amor frustrado pola súa cuñada Raquel, i-é forzoso. É máis, cando ao fin, casa con Aurora, entendeo como unha rendición, como un se transformar -di- nun "home calquera dos que se poidan coñecer", e sinte saudade daquela primeira parte aventureira da súa vida.

E) -Doutro lado, as saídas de xolda que fai Nicolás con Melchor, seu amigo, por Madrid son auténticas andanzas, semellantes á tan galega "esmorga" que sitúa Blanco Amor nas rúas de Ourense.

E) -E Cuba, na segunda emigración de Nicolás, é tamén outro escenario de modo de vida galego. Alí Nicolás asume o acontecer dos pequenos comerciantes. Intégrase perfectamente, mais sen esquencer nunca a estrutura do seu orixinario universo mental. Non se fía do dictador Batista nin abraza a Revolución de Castro, da que tamén recea. Algo así pasáralle en España, canda a historia da Radio Pirenáica que, inconscientemente sintonizara un día no seu aparato e que houbo de lle custar moi caro.

De regreso de Cuba, no trasatlántico Santa María, Nicolás volve baixo a impresión de estar a salvar a vida, mais tamén de estar a perder o futuro. Dúas vidas encontradas e se cadra dificilmente reconciliables. Inevitable saudade.

F) Hai tamén outros exemplos expresivos do vivir galego da época:

-A figura trentina do crego Parga, que aproveitaba os responsos para reprender as accións dos fregreses que consideraba indignas da aprobación de Deus.

-As paroladas do tolo, o Albino do Grandal, que falaba só e tiña unha teima con Arxentina; e os rapaces guindándolle pedras...

-Aquela matanza do cocho, que era bravo e revolvíase coas catro patas mirando ao ceo e loitando por quedar na terra.

-Ou os deliciosos programas das festas patronais, que ecoan como "dianas e alboradas" na durmida memoria nosa daqueles tempos;

-Ou eses voluntariosos animadores de humildes orquestas, que nas festas cantaban "Aspérame en el cielo, corazón", sen que ninguén puidese bailar ao son daquel estrago verbal e musical.

Son todas elas referencias amables dunha Galicia que non podemos esquecer. Pero hainas tamén damáticas. A min impresionoume o suicidio do emigrante sin fortuna, que prefire morrer a chegar fracasado á súa aldea; e cómo (entre a indiferencia do pasaxe), guíndan aquel home ao mar dende o trasatlántico que o devolvía a Galicia. Estarrecedora escea.

E sabemos tamén do ruxerruxe que nas Pallaregas, en Morgade e Fontán, se expandeu pola vila, calibrando os cartos que Nicolás traera de Cuba, e as propiedades que podería mercar en Galicia con semellante capital.

* * * * *

Todo isto e moito máis poderíamos contar da Pallarega como casa que da cobexo a todas estas formas de ser e de expresarse; dun vivir, en suma, tan galego: de gardar a nosa herba, poderíamos dicir.

E todo isto aparece na novela non como unha pura invención do creador, senón baseado ás veces en personaxes reais e sempre fundamentado nunha investigación exhaustiva de lugares, datas e acontecimentos.

Seis ou sete anos de investigación confesa o autor que lle levou a planificación, documentación e redacción da obra: lecturas, entrevistas, hemerotecas, viaxes aos lugares máis recónditos da historia..... Todo isto forma parte dunha maneira de entender e de narrar. E aí está o resultado, que un non sabe moi ben se fai ficción da vida real ou vida real dunha ficción tan ben ancorada no acontecer real.

* * * * *

Coido que cómpre rematar. Pero antes quero expresar algo a respeito da segunda acepción de que antes falei: Pallarega en canto campo de trigo ou centeo logo da seitura, ese campo que se está a a preparar para un novo cultivo e, xa que logo, para unha nova colleita. Isto -coido- tamén acáelle moi ben á nosa novela.

Porque a historia que Marcelino nos conta é a historia dunha xeración perdida de galegos. Todos eses acontecimentos e reaccións son dende logo individuais, pero acadan tamén unha dimensión colectiva. A novela reflicte a historia dunha xeración en boa parte perdida para os seus protagonistas, pero gañadas polos que chegamos detrás deles. Trátase dunha xente nosa maiormente inculta, condenada á ignorancia pola Ditadura de Franco, que sen embargo resiste, i-é quen de loitar co seu talento innato contra a represión material (que supón a pobreza) e tamén

contra a durísima represión emocional (a burla, o menosprezo da súa lingua, o desarraigo da terra).....

A novela reivindica esta xeración tan magoada, o seu sacrificio, nun camiño longo que parecese non acabar nuca, como dixo o poeta Cabanillas. Dalgunha maneira todas estas personaxes que rebulen pola novela representan a actitude dunha Galicia sometida, que quere como elas subsistir, seguir a ser. Hai que marchar polo mundo adiante, non hai outro remedio; mais hai que se sobrepor; emigrar, pero para regresar, facer e traer fortuna; plantar máis outra vez e reconstruir o tellado da Pallarega. Sementar un novo país e ver medrar outravolta o trigo e o centeo, nunha colleita comprida de dignidade e de progreso.

A min este paréceme o recado fondo que (sobre as anécdotas, as historias, os símbolos e os estereotipos) quere transmitir este relato, profundo por riba da naturalidade dos comportamentos.

E remato xa. Quero ver en Pallarega non só unha descrición simbólica, senón tanén un acto de recoñecemento a toda esta xente nosa, tan baril e tan sacrificada. Emporiso penso que estamos ante un acto de xustiza, que trascende do relato en sí, e abre a oportunidade de nos sumar a este agradecemento, lendo unha novela ateigada de emocións profundamente galegas. E, sobre todo, a posibilidade de nos identificar con Nicolás Traseira, verdadeiro símbolo de todo isto: Nicolás, o heroe cotián, que sempre levou no peito a bola de cristal do Micanotillo, símbolo de fidelidade a tantas e tantas cousas nosas.

Grazas, Marcelino, pola túa obra e pola túa mensaxe, xenerosa coma sempre.

E grazas a todos vostedes pola súa paciencia e pola atención. que me dedicaron.